



## FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

A formación profesional de grao básico forma parte das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo. Ordénase en ciclos formativos organizados en ámbitos e módulos profesionais de duración variable.

Os ciclos formativos de formación profesional de grao básico teñen unha duración de 2000 horas ou 2 cursos académicos. Na modalidade de FP dual ata 3 cursos.

Estas ensinanzas responden a un perfil profesional que inclúe ao menos unha cualificación profesional completa de nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

- [Que título se obtén?](#)
- [Cal é a validez dos títulos?](#)
- [Cales son as vías de obtención do título de técnico básico?](#)
- [Cales son os requisitos para acceder á FP Básica?](#)
- [Que hai que facer para matricularse?](#)
- [Cal é o período de admisión na FP Básica?](#)
- [Onde podo cursar un ciclo formativo básico?](#)

### **Que título se obtén?**

Superando un ciclo de FP básica obtense o título de **técnico básico** correspondente ás ensinanzas cursadas.

**Adicionalmente**, obterán o **título de graduado en educación secundaria obrigatoria** segundo o establecido no artigo 11 da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

### **Cal é a validez dos títulos?**

O título de técnico básico ten tanto valor académico como profesional.

Éste título permite o acceso a calquera ciclo formativo de grao medio. En caso de concorrencia competitiva, que existan máis solicitudes de matrícula que prazas, cada título de técnico básico permite a aplicación de criterios de preferencia para a admisión a certos ciclos de grao medio.

- [Acceda aos criterios de preferencia](#)

Os alumnos e alumnas que finalicen os seus estudos sen obter o título de técnico básico, recibirán a certificación académica dos módulos profesionais superados que terá efectos académicos e de acreditación parcial acumulable das competencias profesionais adquiridas en relación co Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

O título de técnico básico ten os mesmos efectos laborais que o título da ESO e capacita para levar a cabo funcións de nivel básico de prevención de riscos laborais.

### **Cales son as vías de obtención do título de técnico básico?**

- Superar un ciclo de formación profesional básica
- Superar a proba para a obtención directa do título de técnico básico (maiores de 18 anos)



- Acreditar todas as unidades de competencia do título de técnico básico (maiores de 22 anos), a través de:

- Certificados de profesionalidade de nivel 1  
- Procedemento de avaliación e acreditación de competencias profesionais

### **Cales son os requisitos para acceder á FP Básica?**

Requisitos que debe cumprir o alumnado de forma simultánea:

- Ser proposto/a polo equipo docente
- Consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais
- Ter feitos quince anos ou facelos durante o ano natural en curso
- Ter cursado o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso

A proposta do equipo docente, tamén poderá solicitar a admisión na FP Básica o alumnado de 17 anos feitos no ano de inicio do ciclo formativo, escolarizado na educación secundaria obrigatoria.

De quedar prazas vacantes, completaranse os grupos con persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Que fagan 18, 19 ou 20 anos no ano de inicio do ciclo formativo
- Que non estean en posesión dun título de formación profesional ou calquera outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos

### **Que hai que facer para matricularse?**

Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do proceso de admisión das ensinanzas de formación profesional de grao básico para o curso 2022/23.

No caso de alumnado que estea a cursar ensinanzas da ESO que sexa proposto polo equipo docente para incorporarse a un ciclo de grao básico e que teña o consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais, será o centro de orixe o encargado de recoller e cargar os datos da solicitude de admisión na aplicación informática. O centro entregará un resguardo da solicitude ás persoas solicitantes e aos seus representantes legais.

No caso de alumnado de FP básica repetidor, 1º ou de 2º curso, ou que promociona a 2º curso a solicitude será presentada no centro onde está matriculado no curso actual.

No resto dos casos (alumnado sen matrícula na ESO que faga 18, 19, 20 anos no de inicio do ciclo formativo) presentarán unha única solicitude de admisión e matrícula, asinada pola persoa solicitante (se esta é menor de idade, ademais deberá ser asinada por calquera dos/das titulares da patria potestade ou representantes legais) segundo o [anexo I](#), no centro no que pretendan ser admitidos.

Documentación a presentar:



- Copia do DNI ou NIE, no caso de non dar o consentimento para a comprobación dos datos de identidade no sistema de verificación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas
- Comunicación de incorporación á formación profesional básica segundo o [anexo IV](#), no caso de alumnado que foi proposto polo equipo docente con 15, 16, ou 17 anos
- Certificado de discapacidade, no caso de participar no proceso de admisión pola reserva para persoas con discapacidade

### **Cal é o período de admisión na FP básica?**

- [Calendario de admisión para o curso 2022-2023](#)

### **Onde pode cursar un ciclo formativo básico?**

Nas seguintes ligazóns poderá consultar a oferta de ciclos formativos de réxime **ordinario** (grao profesional básico, grao medio e grao superior) para o **curso 2022-2023**:

- Clasificada por familia profesional e ciclo formativo (*Pendente de publicación*)
- Clasificada por provincia e concello (*Pendente de publicación*)

### **QUE TIPO DE MÓDULOS SE ESTUDAN NA FP BÁSICA?**

- Módulos asociados a unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.
- Módulos asociados a bloques comúns:
  1. Módulo de comunicación e Sociedade I e II (Lingua Galega, Lingua Castelá, Inglés e Ciencias Sociais).
  2. Módulo de Ciencias Aplicadas I e II (Matemáticas e Ciencias Aplicadas ao contexto persoal e ao campo profesional)
- Módulo de Formación en Centros de Trballo (FCT).
- Tutoría semanal.

### **A TUTORÍA SEMANAL:**

Cada grupo contará cun titor/a e cunha hora de tutoría semanal onde se traballarán os seguintes temas:

- Técnicas de estudo
- Resolución de conflitos
- Autoestima e responsabilidade
- Habilidades comunicativas
- Trballo en grupo
- Orientación académica e profesional

### **A AVALIACIÓN:**

- Poderase permanecer cursando o ciclo durante catro anos.



- Poderase repetir unha soa vez cada un dos cursos.
- Para promocionar haberá que superar todos os módulos ou cando os módulos profesionais asociados a unidades de competencia pendentes non superen o 20 % do horario semanal, con todo, deberá matricularse dos módulos profesionais pendentes de primeiro curso.
- A avaliación realizarase por módulos e haberá dúas convocatorias anuais para a superación dos módulos.

## Actividades físicas e deportivas

---

---

LOE                      BAFD01      [Acceso e conservación en  
instalacións deportivas](#)

## Administración e xestión

---

---

LOE    BADG01    [Servizos administrativos](#)

## Agraria

---

---

LOE    BAGA01    [Agroxardinaria e composicións florais](#)

LOE    BAGA02    [Actividades agropecuarias](#)



**XUNTA  
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.P.I. JULIA BECERRA MALVAR  
Rúa Joaquín García Álvarez, 4 – 6  
36636 Barrantes Ribadumia (Pontevedra)  
Tel. 886151636 Fax: 886151643  
E-mail: [cpi.julia.becerra@edu.xunta.es](mailto:cpi.julia.becerra@edu.xunta.es)

## Agraria

---

---

LOE BAGA03 [Aproveitamentos forestais](#)

## Artes gráficas

---

---

LOE BARG01 [Artes gráficas](#)

## Comercio e márketing

---

---

LOE BCOM01 [Servizos comerciais](#)

## Edificación e obra civil

---

LOE BEOC01 [Reforma e mantemento de edificios](#)

## Electricidade e electrónica

---

LOE BELE01 [Electricidade e electrónica](#)  
LOE BELE02\* [Instalacións electrotécnicas e mecánica](#)



## Fabricación mecánica

---

Doc DOG RD

LOE BFME01 Fabricación e montaxe

LOE BFME02 \* Fabricación de elementos metálicos

## Hostalaría e turismo

---

Doc DOG RD

LOE BHOT01 Cociña e restauración

LOE BHOT02 Aloxamento e lavandaría

LOE BHOT03 \* Actividades de panadaría e pastelería

## Imaxe persoal

---

Doc DOG RD

LOE BIMPO1 Peiteado e estética

## Industrias alimentarias

---

Doc DOG RD

LOE BINA01 Industrias alimentarias



## Informática e comunicacións

---

Doc DOG RD

LOE BIFC01 [Informática e comunicacións](#)

LOE BIFC02 [Informática de oficina](#)

## Instalación e mantemento

---

Doc DOG RD

LOE BIMA01 \* [Mantemento de vivendas](#)

## Madeira, moble e cortiza

---

Doc DOG RD

LOE BMAM01 [Carpintaría e moble](#)

## Marítimo-pesqueira



---

LOE BMAP01 [Actividades marítimo-pesqueiras](#)



## Servizos socioculturais e á comunidade

---

			Doc	DOG	RD
LOE	BSSC01	* Actividades domésticas e limpeza de edificios			

## Téxtil, confección e pel

---

			Doc	DOG	RD
LOE	BTCP01	Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel			
LOE	BTCP02	Tapizaría e cortinaxe			

## Transporte e mantemento de vehículos

---

			Doc	DOG	RD
LOE	BTMV01	Mantemento de vehículos			
LOE	BTMV02	* Mantemento de embarcacións deportivas e de recreo			

## Vidro e cerámica

---

			Doc	DOG	RD
LOE	BVIC01	Vidraría e olaría			





**XUNTA  
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.P.I. JULIA BECERRA MALVAR  
Rúa Joaquín García Álvarez, 4 – 6  
36636 Barrantes Ribadumia (Pontevedra)  
Tel. 886151636 Fax: 886151643  
E-mail: [cpi.julia.becerra@edu.xunta.es](mailto:cpi.julia.becerra@edu.xunta.es)

<http://www.edu.xunta.gal/fp/familias-profesionais>